

Estacións ao mar, por Xohana Torres

Carmen Blanco

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

BLANCO, CARMEN (2012 [1981]). “*Estacións ao mar, por Xohana Torres*”.
Grial: 71, 108-111. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas
contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1441>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

BLANCO, CARMEN (1981). “*Estacións ao mar, por Xohana Torres*”. *Grial*:
71, 108-111.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Nesta nova edición, D. Joan, con gran sabedoría, tomou por guías da lingua galega dúas figuras representativas da nosa fala: Sarmiento pró século XVIII e como informador lingüístico, sobre todo o seu *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega*, e Castelao pró presente século, baseándose na *Escolma Posible* de M. Dónega. Novas aportacións respecto do pasado representaron un maior emprego do *Diccionario* da Real Academia Galega e o *Vocabulario* do P. Crespo.

Tamén nesta edición D. Joan mergúllase, hastra parez que con un pouco de regosto, nas bretemosas verbas prerrománs, con unha arriscada maestría digna de admiración. Esta é unha boa proba da xuventude mental do vello mestre a quen non lle arredran as verbas máis raras e de étimo máis fuxidío. A todas sabe buscarlle o xeito e axeitalas e arrellalas na súa xerarquía histórica.

Xa sairon tres volumes do dicionario (de A- a MA-) e aínda faltan outros tres por saír; neles concóntanse grandes novidades con respecto á primeira edición. Asegúranse e apuntálanse algunhas etimoloxías, rexéitanse outras e substitúense por propostas novas, engádense novas familias en moitas ocasións, de tal maneira que non esaxeramos se decimos que poucas verbas pasaron sen retoque algún nesta nova edición.

Non é esta a ocasión de pescudar por miúdo a importancia que o seu traballo ten pra o galego, máis ben parécenos a de publicar ós catro ventos a ledicia que nos produz unha obra como esta. A nobre envexa e a sinxela emulación que debe orixinar entre nós esta obra, sería pra mín, e estou seguro que tamén pra el, o seu mellor froito. Porque os da maestría, ensino, método e claridade, xa os ven prodigando entre nós desde hai tempo e poucos serán os que non se sintan discípulos de tan xeneroso e bon mestre.

X. L. PENSADO

ESTACIÓNS AO MAR, por Xohana Torres ¹

A escritora Xohana Torres é xa sobradamente coñecida nas nosas letras polas suas creacións literarias en diversos campos, pois ten cultivado, con importantes logros, a poesía (*Do sulco*, 1957), o teatro (*Á outra banda do Ibero*, 1965, e *Un hotel de primeira sobre o río*, 1968), a narrativa (*Adiós, María*, 1971), a literatura infantil (*Polo mar van as sardiñas*, 1968, así como diversas adaptacións e traducións de contos populares e de distintos autores) e o ensaio (*Stanislawski e o teatro moderno*, 1965, *A literatura infantil*, 1974...).

O presente libro, *Estacións ao mar*, ven arriquecer o panorama poético galego coa súa fondura temática e o seu rigor formal, nunha poesía á vez anovadora e de sempre.

Non estamos ante unha obra de ruptura con respecto a *Do sulco*, senón ante unha continuación da veta poética alí presentada. Se o poeta e profesor Carballo Calero decía no prólogo do primeiro libro de Xohana que había nel "femencia, abundancia, pulo" e que a partir de aí a autora "con isa riqueza de materiais que recibíu en dote, ten que edificar; i edificar é ordear, escolmar, rexeitar e luír". (*Do sulco*, p. 10); hoxe poderíamos decir que *Estacións ao mar* é produto de ter feito todo eso. É constatábel, por calquera persoa que seguise de cerca as publicacións poéticas posteriores a *Do sulco*, o ininterrompido traballo que a autora realizaba sobre o poema. A constante percura da palabra e a preocupación por un mellor acabamento do verso, podemos rastrexalos nas, ate tres e catro, versións publicadas dalgún poema. Naturalmente, este continuo traballar a obra artística había callar nun logrado rigor expresivo. Así o podemos ver, por exemplo, nunha análise comparativa das distintas versións (1971, 1976, 1980) do poema de "O tempo e a memoria" que empeza "Sempre baixaba pola Plaza Vella": variacións no sistema gráfico, cunha tendencia á simplificación da puntuación e á multiplicación das estrofas; troques nas construcións morfosintácticas

¹ Editorial Galaxia. Vigo, 1980.

“non é nada este acougo transitorio” (1971)

“nada é ise acougo pasaxeiro” (1976)

“nada é ise acougo transitorio” (1980);

e variacións léxico-semánticas, coa aparición de novos contidos conceptuais

“As aves sempre
desvirtuando o voo...” (1971)

“As aves sempre
coma unha independente caravana
desvirtuando o voo...” (1980)

ou o simple troque de verbas:

“Poderío do Tempo” (1971)

“Praderío do Tempo” (1980).

E, seguindo co plano expresivo, destaquemos a peculiar estrutura dos poemas, que poderíamos caracterizar como a do inqueda latexar do pensamento en soidade; de aí os, ás veces, bruscos cambios de punto de vista, de rexistro, de tema, de ánimo, do pesimismo ao optimismo máis absolutos pasando pola duda, nun mesmo poema. Diríamos, seguindo a terminoloxía jakobsiana, que a linguaxe de Xohana é esencialmente metonímica e que constrúe o poema en base a una rápida concatenación de pensamentos. Así, no caso do poema anteriormente citado, “Sempre baixaba pola Plaza Vella”, vemos como está construído sobre unha concatenación entre unha lembranza concreta que dá lugar a unha abstracta meditación sobre o tempo; estas dúas partes, son, á sua vez, analizábeis en realidades que tamén teñen entre sí unha relación de contigüidade: a lembranza dun paseo diario da nenez co seu marco paisaxístico, na primeira parte; e, na segunda, a constatación da pequena realidade actual da nenez (“irrevocable sombra”), coa conceptualización, máis xeral, do tempo perdido, coa soidade absoluta do home e coa, final, presenza da morte.

Outra cuestión destacábel a nivel expresivo é a renovación lingüística da autora. En “Estacións ao mar” chegan a un máis alto grado as rupturas coa norma lingüística que xa aparecían en “No sulco”. No plano gráfico esta ruptura amóstrase na utilización da letra maiúscula con valor expresivo:

“NON. Endexamáis contigo...

... .. “NETA” ou “PATRIA” (p. 62),

na creación de nomes propios, ben polo seu valor deíctico ou ben para a expresión de conceptos abstractos ou absolutos:

“Ouh, Patria, a Patria,
Pés Nús,
Incendio,
Meu Amor,
devas
a Dura Maxestade do Silencio!” (p. 15)

e na ruptura coa puntuación normativa que aparece na proliferación de expresións admirativas e exclamativas, parénteses, comillas, puntos suspensivos, etc., podendo ir todos estes rasgos marcados ou non gráficamente.

A nivel morfosintáctico a ruptura é constante, polo que destacaremos só algunha mostra: creación de novos adverbos (“tendidamente así”, p. 16), emprego do adverbio relativo cun sentido absoluto (“dor máis núa”, p. 20), elipses (“onde nenos xogaban a moedas”, p. 39), troques do orde (“espacio tanto!”, p. 77).

A este alonxamento na norma morfosintáctica xúnguense as constantes adxetivacións e imaxes visionarias: “catedral do meu sangue” (p. 13), campos incurables” (p. 16), “incendiar as noites” (p. 22). Todo elo dá lugar á creación dunha linguaxe alóxica que tenta persoalísimamente profundar nas realidades que lle preocupan á autora: “aínda me escoito o mar” (p. 30), “no alto a sin-razón, orela a todo” (p. 32)...

Con respecto á creación revolucionaria desde o punto de vista lingüístico,

habería que destacar aquí a obra poética de outro importante expoñente da poesía de postguerra, María Mariño, e sinalar que cecáis non sexa casual atopar esta preocupación por unha linguaxe nova en dúas voces femininas.

Destaca ademais a nivel formal a presenza do estilo épico vaticinante (que aparece tamén en Méndez Ferrín, poeta da xeneración á que por tantas cousas a autora está vencellada). As raíces deste estilo poderíamolas buscar nos cantores de dúas comunidades oprimidas, Federico Mistral e Eduardo Pondal. A esta influencia habería que engadir o prosaísmo e coloquialismo cheos de tópicos dos distintos rexistros lingüísticos con que Xohana Torres actualiza dito estilo. Unha mostra desto sería, por exemplo, o uso do apelativo épico: “Viñateira” (p. 64), “Lola das roxas viñas” (p. 63), aplicado á aboa, símbolo da muller galega; ou estes outros aplicados a Galicia: “a Terrible Inmortal, / Verdor Terrible” (p. 16).

Sobresae tamén, a presenza do estilo litúrxico e ritual que se concreta tanto en estruturas morfosintácticas (versículos, letanía) como léxico-semánticas, de base cristiá (“creo en ti”, p. 20) e pre-cristiá naturista

(“Teremos de cantar antes da tebra,
marcar o ritmo que acompasan os élitros,
cerimonias solares para erguer os tesouros”, p. 95).

Este estilo ritual (que atopamos en autores coetáneos como Novoneyra ou López-Casanova) está en consonancia coas xeneracións españolas do trintaeseis e do cincuenta e nos remite, en última instancia, a César Vallejo.

Mais o importante é que todos estes rasgos expresivos non son meros artificios senón que están íntimamente ligados ao contido do libro, pois en “Estacións ao mar” podemos ver o movemento unísono de linguaxe e pensamento: a procura que paralelamente realiza a autora no máis fondo de ambos.

Se a nivel formal observábase que non había ruptura na creación poética de Xohana, a mesma perseverancia atopamos temáticamente: hai un fío condutor entre o verso-adicatoria que abre *No sulco* (“Índa que a Rosa é breve i o Tempo, terminábele”) e esta meditación, feita desde a harmonía e o equilibrio da madurez, sobre o tempo e a morte. Isto é fundamentalmente *Estacións ao mar*, unha tentativa de apreixar coa linguaxe poética o “temporío” (p. 65), un ir en busca coma Proust, do tempo perdido, a través da memoria e os signos, que diría Valente, e por entre a terra e a morte, da man de Pavese (por nomear dous autores, neste, tan cercanos a Xohana).

Como arela dun eterno retorno, a obra ábrese (cita e adicatoria) e péchase (“¿Pódese aínda...?”) coa presenza do tempo máxico da nenez, co tempo feliz do posíbel aínda:

“...Alteradas as tapias e os anelos
entrar de novo á casa, achegarse ao faiado.
Posta de bruzos, erguer a vista ao ceo,
contemplar os foguetes da verbena máis próxima
e os cometas que cruzan polos ceos de agosto...” (p. 96).

Neste marco dunha cecáis posíbel esperanza, desenvólvense os temas que poderíamos catalogar filosóficamente como “saudade da terra” e “saudade do tempo pasado”.

Podemos falar da presenza desta “saudade da terra” no sentido de que Xohana Torres poetiza a súa arela de patria. Estamos, pois, ante un “patriotismo ontolóxico” ou “metafísico” que vai máis alá das siglas e as bandeiras:

“Agora
eu sabería
cómo deshabitarme de vellos estandartes,
cómo chamarte garimosamente
acenando coa man
e dando unha palabra”. (p. 23)

O outro tema, a obsesión polo irrecuperábel do tempo (“Eu non digo “volver”, xa sei, non é posible”, p. 61) vai parella á constante lembranza da nenez e mocidade. Así, aparecen xunguidos ambos motivos en “O tempo e a memoria”:

“Acó me tés onde a pisada é tempo
hoxe que no meu Tempo caíron as palabras.
Ana María Auz, acó estas cousas
e póño-me a chorar coma unha tola.
(Estou soia de antonte, estou sabendo
meu corazón de nena pola man)” (p. 32).

A lembranza da nenez vencéllase ao vitalismo da muller da terra e contrasta coa morte en “Elexías a Lola”:

“Polo silencio desta casa grande consigo o son do mar.
Ouh, qué vento das illas, Lola de amor, qué vento,
xa que todos os gozos finan nun mar, ben salado, o da
morte!” (p. 63).

E, por último, a parte que dá título ao libro, “Estacións ao mar”, presenta distintas vivencias no tempo:

... ..“É viña a noite logo.
É nin nos decatábamos que todo arredor noso
tan múltiple e benigno
estaba a consumarse coma quen dá un aviso.” (p. 81).

Como podemos ver, nesta obra de Xohana Torres poesía e filosofía xúntanse. Como na Rosalía de *Follas Novas*, estamos ante unha creación de temática fondamente filosófica; e, algún tema rosaliano coma o da “noite” metafísica ou o “tempo mouro” están tamén presentes:

... ..“É xa a certa noite.
Outro tempo ben mouro estará inzando
a terrible fronteira do desexo” (p. 48).

CARMEN BLANCO

ANTOLOXÍA DE POESÍA GALEGA. DO POSMODERNISMO AOS NOVOS, por Francisco Fernández del Riego¹

Francisco Fernández del Riego, ensaista, crítico, antólogo e un dos principais impulsores da cultura galega nas últimas décadas, ven de publicar neste 1980 unha escolma de poesía galega do século XX que ben pode servir como primeiro contacto para quen queira achegarse a tal fenómeno.

O manual, subtítulado *Do posmodernismo aos novos*, preséntase como o terceiro dunha serie antolóxica da poesía galega que ven editando a Editorial Galaxia. Os dous tomos anteriores —*Dos devanceiros ao dezaioito* e *Do dezanove aos continuadores*— correran a cargo de Xosé Landeira Yrago e do propio Fernández del Riego, respectivamente. O presente volume ven pois a completar a serie, que no seu conxunto pretende dar unha panorámica xeral da poesía galega desde a Edade Media hastra os nosos días.

Ademáis da propia antoloxía, inclúe unhas moi breves notas introdutorias biográficas, bibliográficas e cronolóxicas que, se ben nalgún caso se mostran un tanto desiguais e desfasadas, poden servir como información orientadora de primeira man. A cronoloxía histórico-literaria abrangue desde 1897 a 1952, e nela figura unha selección de acontecementos literarios galegos e universais, ao tempo que se fan constar algúns sucesos históricos, estes practicamente a nivel do estado español.

Na antoloxía en sí, aparecen poetas nados entre os últimos anos do século XIX e os primeiros da década do 1950. Varias xeneracións —a novecentista, a do 1936, as de posguerra— están pois representadas no libro, e con elas as diferentes tendencias e individualidades da poesía galega posterior á Xeneración “Nós”.

¹ Editorial Galaxia. Vigo, 1980.